



# MOI BOAS E FELIZ VENRES!

Que tal? Imos rapidamente a empezar a clase pois non hai nada que corrixir.

## RESUMO:

Agora que xa sabemos como é a liña do tempo da Historia da Humanidade (Prehistoria, Idade antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade contemporánea), é o momento e centrarnos na Prehistoria galega, da nosa comunidade autónoma.

Toca ler e escribir un pouco 😊

## A PREHISTORIA EN GALICIA

Durante a Prehistoria, as persoas non tiñan casa e, por tanto, vivían en covas ao inicio. O feito máis importante da Prehistoria foi cando conseguiron dominar o fogo. Deste modo quentábanse e cocinaban os alimentos.

Non había mercados así que conseguían os alimentos coa caza e a pesca. Preparaban ferramentas coas que poder pescar e cazar.

Aproveitaban as peles dos animais cazados para manterse quentes.

## As pinturas rupestres

Nas covas pasaban moito tempo, sobre todo cando chovía ou ía frío. Non se sabe a razón pero a xente que vivía alí, empezou a deixar debuxos e marcas feitas con sangue, herbas, barro... son as chamadas pinturas rupestres. Estas pinturas representan feitos importantes para eles como persoas pescando, animais, caza...

En España, as pinturas máis importantes son as de Altamira (Cantabria).

Deixo aquí debaixo un vídeo das famosas covas de Altamira. Aínda non fun pero paréceme un lugar máxico pensando que esas pinturas levan MILES DE ANOS aí.

<https://www.youtube.com/watch?v=O1CvFTD0IBw>